

**22 ALFONSO PAZ ANDRADE**  
VICEPRESIDENTE DA FUNDACIÓN CASTELAO

**"CASTELAO DEBE SER O ESPELLO PARA O NOVO ESTATUTO"**



Paz Andrade afirma que, como vicepresidente da Fundación Castelao, cumprele nesta data sinalada facer sentir o sentimento e pensamento da fundación. "Queremos ser unha nacionalidade señora de si mesma", explica. "Necesitamos ser oficialmente o que dende hai séculos somos naturalmente". Segundo o empresario, "ninguén pode negar" que "Galiza é unha unidade histórica, xeográfica, con lingua de seu, con tradicións...", e engade que "non hai que ter ningún xeito de medo en recoñecelo". En consonancia co anterior, argumenta que "non se trata de sectarismos de vía estreita" senón de que "o noso sentimento xorde de maneira emotiva do noso ser". Así, demanda "a necesidade de que se ten formulada o país".

sidade dun novo Estatuto como lexítima aspiración constitucional, xustificada nunha autonomía, diferenciada e respectuosa, co noso e co dos demais". En nome de todos os patronos da Fundación Castelao, Paz Andrade transmite que "o sentimento galeguista é moi máis ca un partido político, é unha conciencia nacional en acción", que de afabrolla a "importancia de conseguir para Galiza un Estatuto capaz de xerar a enerxía intelectual e patriótica que dea resposta a unha clara necesidade que se ten formulada o país".

Paz Andrade lembrase de Castelao e afirma que é unha "figura unanimemente respectada polos galegos, paradigma da ética dun pobo", ademais "da figura que mellor interpreta Galiza", pois "nel se ofrecen exemplos definitórios do devir galego". Por último, engade que o escritor é "espello no que necesariamente se ten que mirar Galiza no intre de redactar un novo Estatuto".

**23 SALUSTIÁNO MATO**  
REITOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO

**"HAI QUE AUMENTAR AS COMPETENCIAS EN INVESTIGACIÓN"**



"En Galicia, as universidades necesitan máis ferramentas para desenvolver o noso potencial, que interesa tanto á propia comunidade como ao conxunto do Estado. Asmeilloras no autogoberno de Galicia repercutirán positivamente no resto do Estado. Para iso é fundamental dotar a Galicia de maiores competencias no campo da investigación e desenvolvemento tecnolóxico. O Estatuto debería fomentar unha visión máis clara das estratexias de desenvolvemento vinculadas sempre á economía. Outra razón a ter en conta é a da urxencia de defender a cultura e a lingua propia de Galicia, potenciala donde a formación superior. Non só para fortalecer a autoestima senón para ter unha maior presenza internacionalmente".

**24 PILAR GARCÍA NEGRO**  
PROFESORA E EX DEPUTADA

**"OS GALEGOS RECOÑECÉMONOS UNHA NACIÓN"**



Pilar García Negro afirma que o 25 é "unha data histórica para o nacionalismo galego contemporáneo, a unión máxima de todos os galegos", e engade que "os galegos nos reconémos unha nación". A escritora declara que esa é a "reivindicación" que se debe levar a cabo porque "o marco xurídico-político español no que nos atopamos non practica a democracia e a pluralidade nacional". Deste xeito, afirma que a Constitución ten que "adaptarse ás diferenzas do Estado, abandonando o totalitarismo actual, que obriga legalmente a unha única nación, unha soa patria, unha soa nacionalidade e a existencia xurídica dun único pobo". Ao fío disto, García Negro engade que "é legalmente imposto, pero debe reivindicarse".

**25 CESÁREO SÁNCHEZ IGLESIAS**  
PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA

**"O ESTATUTO ACTUAL NON COLMA OS ANCEIOS NACIONAIS"**



Cesáreo Sánchez considera que o actual Estatuto "non colma os anseios nacionais, as expresións nacionais de Galiza". O escritor cre que a modificación é precisa "para que a nosa lingua teña un lugar de centralidade na acción do Goberno galego e para levala a todos os ámbitos do ensino, da vida pública e da Administración". "Facela algo prioritario no quefacer do noso pobo", resume, econtinúa constatando que "se somos o que somos, é pola lingua", polo tanto "o futuro como pobo, como nación, está no idioma". Por iso é preciso, argumenta, que "a cidadanía

nos primeiros anos de escolarización viva en galego. É fundamental que nun novo Estatuto se defendido isto".

Nalíña da defensa da lingua escrita, Sánchez declara que "a literatura é fornecedora dos contidos da industria cultural", polo tanto, "prestarlle apoio á cultura nos seus más diversos ámbitos levaría a que Galiza, dentro de Europa, tivese unha industria cultural máis potente". Así, un novo Estatuto tería que "facer da nosa cultura un dos recursos produtivos más importantes do propio país". Sánchez Iglesias refírese tamén ao galego no contexto global cando declara "o Estatuto tamén debería dotar de plataformas e institucións que reforzaren a presenza do galego no mundo" e engade que "a lingua e a cultura é o que abre os camiños á economía".

**Agora é cando,  
Galicia é onde**

**25 de Xullo,  
día de Galicia**